

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 201600000472
13/01/16 13:38:17

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE XANEIRO DE 2016 POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O 2.º CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2015/2016

A Universidade de Vigo publica a convocatoria de cursos de lingua galega, que se impartirán a partir do mes de febreiro de 2016, organizados e xestionados pola Área de Normalización Lingüística.

Denominación: cursos de lingua galega

Listaxe de cursos convocados

- Curso de extensión cultural
- Curso de linguaxe e redacción xurídica
- Curso básico de linguaxe sanitaria
- Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas
- Curso de achegamento á lingua e cultura galegas
- Curso de redacción de documentos administrativos
- Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación

Datas de celebración: durante os meses de febreiro, marzo, abril e maio de 2016

Lugar de celebración

1 Os cursos presenciais:

- Curso de extensión cultural (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)
- Curso de linguaxe e redacción xurídica (Campus de Ourense)
- Curso básico de linguaxe sanitaria (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)
- Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas (Campus de Pontevedra)

Desenvolveranse nos campus da Universidade de Vigo anteriormente sinalados sempre e cando haxa un mínimo de 15 persoas inscritas por campus.

2 O curso semipresencial:

- Curso de achegamento á lingua e cultura galegas (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)

Desenvolverase nos campus da Universidade de Vigo anteriormente sinalados sempre e cando haxa un mínimo de 15 persoas inscritas por campus.

3 Os cursos virtuais:

- Curso de redacción de documentos administrativos
- Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación

Duración dos cursos

- Curso de extensión cultural: 75 horas
- Curso de linguaxe e redacción xurídica: 20 horas
- Curso básico de linguaxe sanitaria: 10 horas
- Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas: 10 horas
- Curso de achegamento á lingua e cultura galegas: 20 horas
- Curso de redacción de documentos administrativos: 20 horas
- Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación: 20 horas

Coordinación académica

O director da Área de Normalización Lingüística

Número de participantes por grupo

Establécese un número mínimo de 15 persoas preinscritas nos cursos; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritas. O número máximo de prazas é de 30.

Consignación orzamentaria

Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 20160000421SNL 226.06.

Prazo de inscrición

Do 1 ao 26 de febreiro de 2016 a través da plataforma virtual bubela.uvigo.es. Así mesmo, o citado prazo pecharase a medida que se cubran as prazas por rigorosa orde de entrega da documentación.

Matrícula

A matrícula será gratuíta para os membros da comunidade universitaria e o alumnado de intercambio. Para as persoas alleas á Universidade de Vigo, o prezo dos cursos de 10 horas será de 20 euros; os demais 40 euros.

Para obter o diploma correspondente, nos cursos presenciais e no semipresencial cómpre asistir ao 80 % das clases. Nos cursos virtuais requírese realizar o 100 % das actividades, das cales hai que superar o 80 %, ademais do sistema de avaliación establecido.

No diploma acreditativo constará a súa denominación, modalidade, duración e programa.

Os cursos estarán recoñecidos con créditos a través de horas de traballo, agás o de Extensión cultural (2 ECTS).¹



Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data no rexistro desta Universidade.

Vigo, 13 de xaneiro de 2016

Xefa da secretaria do reitor,



Carmen Estévez Caamaño

¹Pendente da autorización pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.